Unha vez recibidos os datos considerados, terase especial coidado nas transmisións aos alumnos dos resultados da súa actividade escolar. Informar dos erros cometidos e diálogos, o modo de poder superalos. Comentaranse os avances logrados, e evitarase as referencias aos logros dos demais compañeiros.

Na avaliación da lingua oral darase prioridade a aqueles aspectos ortolóxicos, morfosintácticos, léxicos, semánticos e sociais do uso da lingua oral que favorezan a comunicación.

Será importante unha ficha individual na que figuren aspectos como:

- Grao de participación nas diversas formas de comunicación oral: debates, conversación...
- Cualidades do falante: exposición ordenada, léxico adecuado, ortofonía...
- Captación das ideas principais, emprego do rexistro de lingua adecuado a cada situación.

En canto á lingua escrita, deberase avaliar se o alumno é capaz de expoñer as súas ideas de forma organizada e fluída, seguindo unha orde lóxica. Tamén deberíamos ter en conta:

- Presentación dos traballos: marxes, limpeza, ilexibilidade...
- Ortografía e puntuación.
- Estilo e recursos literarios empregados.
- Creatividade e orixinalidade.

Canto á literatura, poden analizarse os comportamentos no grao de interese e gusto alcanzado pola lectura, ou a sensibilidade estética desenvolvida ante as producións literarias. Cando se realicen comentarios de texto que serán moi sinxelos, se recoñecen os elementos estruturais (tempo, espazo, acción, argumentos, personaxes) e os distintos tipos de procedementos retóricos empregados.

Os criterios de cualificación da nosa materia serán comunicados ao principio de curso a todo o alumnado para que deste xeito saiba como superar a área de Lingua Galega e Literatura. Tamén se farán reunións cos membros do Departamento de Lingua e Literatura Castelá para establecer puntos comúns.

A cualificación será numérica e nominativa e teranse en conta os seguintes puntos:

- Probas escritas teóricas, onde se recollerán os coñecementos gramaticais, de comunicación, técnicas de traballo, de literatura etc... do alumnado.
- Cualificacións sobre os libros de lectura (a profesora indicará aos alumnos en que consistirá o seguimento de cada unha das lecturas).
- Probas de expresión oral.
- Cualificacións diarias que o profesor obterá da realización das tarefas tanto na aula como na casa.
- Cualificacións sobre os procedementos e as actitudes dos alumnos.
- Traballos voluntarios.

### **Grao mínimo de consecución para superar a materia**

#### **1º ESO**

- Comprender, interpretar e producir calquera texto de carácter oral ou escrito.
- Demostrar que se escoitan de xeito crítico e reflexivo as mensaxes en xeral e as dos medios de comunicación en particular.
- Coñecer e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Empregar correctamente as características gráficas da lingua escrita: puntuación, interrogación, maiúsculas, regras ortográficas...
- Saber identificar o tema ou a idea principal dun texto.
- Distinguir as clases de palabras.
- Facer unha mínima reflexión sobre as diferentes categorías gramaticais.
- Autoavaliar a aprendizaxe da lingua.
- Planificar textos escritos.
- Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade.
- Coñecer a lusofonía
- Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.
- Saber interpretar, analizar e explicar textos literarios así como a identificación das características temáticas e formais dos mesmos.

- Coñecer as oracións e os seus constituíntes.
- Ter o caderno de clase ao día e ben coidado.
- Demostrar ter lido os libros de lectura obrigada: coñecer argumento, personaxes... e reflexionar sobre diferentes aspectos da obra lida.
- Utilizar a lingua galega de xeito oral e escrito en todas as tarefas e durante as aulas.

## **2 ° ESO**

- Acentuar correctamente as palabras e empregar correctamente o acento diacrítico.
- Identificar a idea principal e as secundarias nos textos orais e escritos.
- Ler con certa fluidez e expresividade.
- Coñecer as ideas principais acerca da historia da nosa literatura e algúns dos seus autores máis salientábeis así como os principais elementos narrativos (narrador, espazo, tempo, personaxes...).
- Ter unhas nocións básicas sobre a realidade socio-lingüística de Galiza: prexuízos e normalización.
- Recoñecer os principais recursos estilísticos nas obras literarias.
- Demostrar ter un uso fluído da lingua, tanto a nivel oral como escrito.
- Saber utilizar o vocabulario aprendido.
- Empregar correctamente as características gráficas da lingua escrita: puntuación, interrogación, maiúsculas, regras ortográficas...
- Distinguir as clases de palabras. Diferenciar entre enunciado, frase e oración. Identificar as oracións e os seus constituíntes. Analizar oracións simples.
- Identificar as seguintes funcións primarias: suxeito, predicado, CD, CI, CC e atributo.
- Conxugar correctamente os verbos regulares con todas as particularidades (alternancia)..
- Ter o caderno de clase ao día e ben coidado.
- Demostrar ter lido os libros de lectura obrigada: coñecer argumento, personaxes... e reflexionar sobre diferentes aspectos da obra lida.
- Utilizar a lingua galega de xeito oral e escrito en todas as tarefas e durante as aulas.

## **3 ° ESO**

- Manexar de maneira apropiada as normas ortográficas e expresarse con corrección na produción de textos escritos.
- Comprender e interpretar textos orais de calquera tipo. Identificar temas e subtemas así como a estrutura comunicativa das mensaxes.
- Demostrar unha escoita crítica e reflexiva dos medios de comunicación.
- Produción de textos tanto orais como escritos en distintos rexistros, coherentes e ben organizados.
- Coñecemento e aplicación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

- Ler con expresividade e comprensión textos literarios e non literarios.
- Posuír coñecementos básicos sobre a formación histórica do léxico.
- Adquirir e utilizar dun xeito progresivo un léxico persoal cada vez máis amplo: coñecer o léxico traballado nas unidades didácticas.
- Recoñecer e utilizar con corrección as principais categorías gramaticais: substantivos, adxectivo, posesivo, ...
- Coñecer a fonética e fonoloxía do galego e as interferencias.
- Coñecemento e valoración do plurilingüismo e a lusofonía. Valorar a Normalización.
- Traballar con textos significativos e acadar un coñecemento apropiado da literatura da Idade Media ao 1926.
- Elaborar traballos individuais e/ou en grupo.
- Demostrar ter lido os libros de lectura obrigada.
- Utilizar a lingua galega de xeito oral e escrito en todas as tarefas e durante as aulas.

#### **4º ESO**

- Producir textos escritos con coherencia, corrección, adecuación e cohesión.
- Saber utilizar os recursos expresivos na comunicación oral.
- Coñecer a situación sociolingüística de Galicia ao longo do século XX.
- Posuír coñecementos mínimos sobre as variedades xeográficas da lingua.
- Adquirir e utilizar dun xeito progresivo un léxico persoal cada vez máis amplo.
- Recoñecer e corrixir as incorreccións léxicas.
- Saber as nocións básicas das relacións semánticas.
- Coñecer o vocabulario traballado nas unidades didácticas.
- Utilizar correctamente os procedementos de formación do feminino e plural de substantivos e adxectivos.
- Recoñecer e utilizar con corrección os pronomes persoais, demostrativos e posesivos.
- Utilizar correctamente as formas de verbos regulares e irregulares. Posuír coñecementos mínimos de sintaxe.
- Ler con expresividade e comprensión textos literarios e non literarios.
- Manexar con corrección as normas ortográficas.
- Coñecer os movementos e autores máis significativos da literatura do século XX. Irmandades, Xeración Nós, Vangardas, Posguerra, e XXI.
- Demostrar ter lido os libros de lectura obrigatoria.
- Utilizar a lingua galega de xeito oral e escrito en todas as tarefas e durante as aulas.

#### **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA**

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grado de protagonismo. A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas. Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes. Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe. Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado. De producirse o paso á non presencialidade, a consecución dos obxectivos trasladaríase ao esencial, á diminución de actividades, á simplificación dos contidos se se estiveren impartindo na materia de LCeL etc. O traballo desenvolveríase tendo en conta os materiais con que conta o alumnado: manuais, documentos de elaboración por parte da docente, actividades interactivas proporcionadas polo Departamento e publicadas na aula virtual do Centro, ou outros materiais dispoñibles na rede Internet.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR, tanto na modalidade presencial como non presencial.**

- O libro do alumnado para a área de Lingua Galega e Literatura: *Lingua e Literatura 1º de ESO*, editorial Anaya; *Lingua e Literatura 2º ESO*, editorial Rodeira; *Lingua e Literatura 3º ESO*, editorial Anaya; *Lingua e Literatura 4º ESO*, editorial Rodeira.
- A Proposta didáctica para Lingua Galega e Literatura de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- Os recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.
- **O libro dixital. E-dixgal en 1º e 2º ESO.**
- A aula virtual do centro, en especial de se dar a excepcionalidade dun ensino non presencial.
- Os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita de Rodeira e de Anaya.
- Os cadernos de carácter didáctico monográficos (Deseño de rúbricas e Avaliación externa) e de estratexias metodolóxicas (Portfolio e Aprendizaxe cooperativa).
- Textos extraídos do libro ou doutra fonte.
- Os dicionarios da clase e/ou biblioteca.
- O ordenador e o proxector da clase.
- Teranse en conta os recursos que o centro poida achegar, especialmente a biblioteca escolar, ou outros de fácil acceso como bibliotecas públicas, centro de recursos etc.

### **Libros de lectura:**

Ofréceselle ao alumnado a posibilidade de escolla dun libro de lectura obrigatoria por trimestre de entre unha listaxe ampla, publicada na aula virtual do seu grupo e mais na cortiza da súa aula. A docente comentará brevemente o argumento ou a natureza de cada obra co fin de motivar á lectura, e dependerá a escolla do gusto literario de cada lector ou lectora. Nos grupos máis baixos, ademais, potenciarase a lectura na aula en voz alta, para fomentar o interese pola lectura e asentir o hábito lector. A maioría dos títulos propostos atópanse á disposición do alumnado na biblioteca do centro; aqueles que non o estean, será sinalados pola docente no seu momento. Por último, esta listaxe ampla comprende tanto as tres lecturas obrigatorias como as tres optativas (sobre as que se explica máis abaixo, no apartado Avaliación) e é susceptible de ser acrescentada por novidades que ben poden partir da iniciativa do alumnado (consensuada coa docente) como da profesora.

## 1º da ESO

### (Lectura presentes na Biblioteca no momento da redacción desta Programación)

*Tonecho de Rebordechao*, Breogán Riveiro

*Lúa do Senegal*, Agustín Fernández Paz

*O achado do Castro*, Manuel Núñez Singala

*Denébola a Roxa*, Héctor Cajaraville

## 2º da ESO

*O corazón de Xúpiter*, Leticia Costas

*Cartas de inverno*, Agustín Fernández Pa

*Salitre*, Jaureguizar

*A rateira*, Agatha Christie

## 3º da ESO

*Unha estrela no vento*, Costas Leticia

*As lágrimas de Shiva*, César Mallorquí

*O último traballo do señor Luna*, César Mallorquí

*A neve interminable*, Fdez. Paz

4º da ESO

*Os nenos da varíola*, María Solar

*Erros e Tánatos*, Gonzalo Navaza

*Memorias do silencio*, Eva Mejuto

*O inferno de Marta*, Pasqual Alapont

*A cabeza de Medusa*, Marilar Aleixandre

*Aire negro*, Agustín Fernández Paz

*Made in Galiza*, Sechu Sende

*O que sei do silencio*, Andrea Maceiras

*Be Water*, Antía Yáñez

Algunhas das obras propostas para 4º ESO poderanlles ser suxeridas a alumnas e alumnos de 3ºESO, segundo vaian manifestando gustos, interese e capacidade lectora.

## **6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Téñense en conta dous escenarios posibles: a presencialidade e a non presencialidade.



## 7.1 PRESENCIALIDADE:

Serán os mesmos para 1º e 2º ESO por unha banda, e 3º e 4º da ESO pola outra. Nos dous primeiros cursos restarase por “faltas” ata un 10% do valor da proba e nos outros dous ata un 20% do valor da proba.

Despois de lidas as memorias e actas que reflicten os resultados, logros e non acertos do curso pasado e pretendendo conseguir unha maior implicación do alumnado tanto no traballo de aula coma na casa, rexerá o seguinte:

Despois de realizada unha avaliación inicial (escrita e oral) que nos informará da diversidade, ademais das clásicas probas para avaliar coñecementos, levaremos no noso libro de aula un control pormenorizado do traballo realizado polo alumnado, así como das súas dificultades, medidas adoptadas e logros; revisaremos o seu caderno, demostrarán a lectura dos libros propostos e usaremos algún modelo de indicadores de logro para analizar algúns dos traballos que realicen e/ou presenten oralmente na aula.

**Para 1º e 2º ESO: traballaremos cunha porcentaxe de 60% e 40%, desagregada como segue: 60% exames, 10% caderno, 10% actitude, 10% práctica oral en galego e 10% libro de lectura.**

### **a) Exames: 60%**

En cada avaliación realizarase **cando menos dúas probas escritas**, referentes a todos os contidos vistos e de xeito proporcional, tocando os diferentes bloques que marca a Lei para a nosa materia. Cada proba constará de cuestións teóricas (curtas e longas) e exercicios prácticos semellantes aos feitos na aula. Na valoración desta proba terase en conta a corrección e xusteza dos contidos e tamén a corrección e calidade da lingua empregada. **A nota final será a media de todas as probas e suporá o 60% do total da nota da avaliación. Baixarase 0,1 por cada erro** relacionado coa acentuación, ortografía... **ata un tope do 10% do valor da proba.**

### **b) Caderno: (10%)**

Revisaranse os cadernos de clase e comprobarase a realización de todas as actividades propostas, así como a inclusión das posibles explicacións complementarias do profesor. Ademais, valorarase a organización, limpeza, caligrafía e que os exercicios estean corrixidos.

### **c) Actitude: 10%**

O alumno realizará e presentará as tarefas encomendadas polo profesor: exercicios, esquemas, comentarios literarios, exposicións, traballos escritos; valorarase isto, as saídas voluntarias na aula para realizar as tarefas e a actitude positiva cara á materia.

O non cumprimento de calquera destes aspectos suporá unha diminución na cualificación que se lle atribúe a caderno e aula.

**d) Oralidade: 10%**

Para acadar esta puntuación, o alumnado ha de usar como lingua única de expresión o galego na aula. É requirido, ademais, o esforzo de empregar un rexistro adecuado e corrección lingüística.

**e) Libros de lectura:10%**

Será obrigada a realización dunha lectura por avaliación. Desta lectura o alumnado examinarase por medio dunha proba escrita, preferentemente, centrada en aspectos sinxelos que demostren a lectura e a comprensión da obra (preguntas acerca de personaxes, tema, argumento, localización, identificación dun fragmento, valoración crítica persoal...). Con carácter voluntario, aquelas alumnas e alumnos que desexaren incrementar a nota final da avaliación con ata 0,5 puntos, poderán facer unha segunda lectura de entre as propostas pola docente ou outra consensuada con esta. O exame desta lectura optativa consistirá nunha entrevista oral entre alumnado e profesora, quen empregará unha rúbrica deseñada *ex profeso* para esta proba en concreto.

**Para 3º e 4º ESO: traballaremos cunha porcentaxe de 70% e 30%, desagregada como segue: 70% exames, 10% actitude, 10% práctica oral en galego e 10% libro de lectura.**

**a) Exames: 70%**

En cada avaliación realizaranse cando menos dúas probas escritas, referentes a todos os contidos vistos e de xeito proporcional, tocando os diferentes bloques que marca a Lei para a nosa materia. Cada proba constará de cuestións teóricas (curtas e longas) e exercicios prácticos semellantes aos feitos na aula. Na valoración desta proba terase en conta a corrección e xusteza dos contidos e tamén a corrección e calidade da lingua empregada. A nota final será a media de todas as probas e suporá o 70% do total da nota da avaliación. Baixarase 0,1 por cada erro relacionado coa acentuación, ortografía... ata un tope do 10% do valor da proba.

**b) Actitude: 10%**

O alumnado realizará e presentará as tarefas encomendadas polo profesor: exercicios, esquemas, comentarios literarios, exposicións, traballos escritos; valorarase isto, as saídas voluntarias na aula para realizar as tarefas e a actitude positiva cara á materia.

O non cumprimento de calquera destes aspectos suporá unha diminución na cualificación.

### **c) Oralidade: 10%**

Para acadar esta puntuación, o alumnado ha de usar como lingua única de expresión o galego na aula. É requirido, ademais, o esforzo por empregar un rexistro adecuado e corrección lingüística.

### **d) Libros de lectura:10%**

Será obrigada a realización dunha lectura por avaliación. Desta lectura o alumnado examinarase por medio dunha proba escrita, preferentemente, centrada en aspectos sinxelos que demostren a lectura e a comprensión da obra (preguntas acerca de personaxes, tema, argumento, localización, identificación dun fragmento, valoración crítica persoal...). Con carácter voluntario, aquelas alumnas e alumnos que desexaren incrementar a nota final da avaliación con ata 0,5 puntos, poderán facer unha segunda lectura de entre as propostas pola docente ou outra consensuada con esta. O exame desta lectura optativa consistirá nunha entrevista oral entre alumnado e profesora, quen empregará unha rúbrica deseñada ex profeso para esta proba en concreto.

A asistencia en hora e data aos exames é obrigatoria salvo casos excepcionais, debidamente xustificadas. Neste caso o profesor faralle a proba cando considere, segundo a súa dispoñibilidade.

Se o alumno copia ou deixa copiar retiraráselle o exame e cualificaráselle esa proba cun cero. Se hai sospeitas fundadas poderase repetir a proba cando o profesor estime, oral ou escrita.

## **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

**Nota de avaliación:** Sae da suma de a+b+c+d (+e)

a) **Nota de coñecementos: 60% ou 70 %** (segundo se trate de 1º e 2º ESO ou de 3º e 4º ESO, respectivamente). Calcularase a partir da nota dos exames.

b) **Caderno: 10 %** (Para 1º e 2º ESO)

c) **Oralidade: 10%**

d) **Traballo na aula: 10%**

e) **Libro de lectura: 10 %**

**Supérase a avaliación coa suma de 5 puntos exactos** entre exames, caderno (só para 1º e 2º ESO), traballo na aula, oralidade e libro de lectura. Os redondeos cara a arriba faranse a partir de 0,7 e sempre e cando se demostre esforzo por parte do alumno ou alumna. Para atender a diversidade, e sempre beneficiando o alumnado, poderáselles propoñer algún traballo ou lectura para subir a nota ata 1 punto. Así mesmo, toda colaboración voluntaria co Equipo de Dinamización Lingüística do centro, participación en clubs de lectura (se houber), en

concursos ou noutras actividades relacionadas coa materia, valoraranse sempre positivamente á hora de sumar este punto.

## **7.2 NON PRESENCIAL**

De atoparnos neste contexto a avaliación versará sobre dous bloques principais (PROBAS E ACTIVIDADES) e cada un valerá o 50%. Avaliaranse as PROBAS TIPO EXAME que se fagan e tamén as ACTIVIDADES AVALIABLES. Se por razóns sanitarias, ou outras especiais, non se puidesen realizar as PROBAS en condicións de “non copiar”, pasará a puntuación ás ACTIVIDADES sempre que se entreguen todas en prazo. Se algunha non se entregase, estivese fóra de prazo ou se vise que está copiada ou feita por outra persoa que non é o alumno quedará ANULADA. No caso de que un alumno entregue un número menor de actividades que as solicitadas, ou só algunhas son válidas, puntuaranse as entregadas e dividirase entre o total de traballos encargados). O libro de lectura obrigatorio pasará a avaliarse como unha actividade máis. Faranse dúas probas por avaliación que suporán o 50% da nota global; o outro 50% daráselle ás actividades avaliáveis. Será de uso obrigado o seguimento da materia a través da aula virtual do centro, sempre e cando se manteñan as condicións materiais e técnicas para este fin.

## **AVALIACIÓN EN XUÑO**

### **PRESENCIAL**

**A nota final de xuño procederá da media das tres avaliacións e o curso superárase cun 5.** O alumnado con 1 avaliación suspensa que acade da media das tres un 5, non terá que concorrer ao exame final de xuño; no caso de non acadalo, poderá recuperar só esa avaliación. Se tiver dúas avaliacións suspensas, deberá recuperar toda a materia na convocatoria ordinaria de xuño, exceptuando aqueles casos nos que a profesora observe esforzo e progresión, ou para atender a diversidade, casos nos que recuperarán a/as avaliación/s que lles sexan indicadas. A proba final será similar ás feitas durante o curso (incluso con preguntas e exercicios idénticos) e tamén terá compensada a parte práctica, exercicios de morfoloxía, comprensión e expresión e comprensión de textos, preguntas teóricas curtas e longas sobre o que corresponda ( literatura, sociolingüística...) Puntuarase sobre 10 puntos e será de aplicación o desconto dun 10% por erros ortográficos. Superárase cun 5.

### **NON PRESENCIAL**

Será a media das tres avaliacións ou a da 3ª se beneficia ao alumno. Se tivermos períodos presenciais e non presenciais dentro da mesma avaliación, realizaríase unha media das dúas modalidades.

## **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO**

### **PRESENCIAL**

Será unha proba escrita que constará de cuestións teóricas e prácticas referidas a toda a materia do curso e semellante na estrutura á ordinaria de xuño, mais os contidos avaliados serán os correspondentes aos obxectivos de nivel marcados como mínimos. Puntuará sobre 10 puntos e superará a materia o alumnado que acade o 5.

### **NON PRESENCIAL**

Unha proba igual ca a presencial que se fará a través da aula virtual, correo electrónico, videoconferencia ou o que se dispoña, cualificada como a ordinaria de xuño.

## **REFORZO, REPETIDORES, RECUPERACIÓNS E PENDENTES (PRESENCIAL E NON PRESENCIAL)**

### **REFORZO**

Para o alumnado que teña dificultades xa detectadas dende a avaliación inicial, ou despois, para os que repitan, para os que se incorporen tarde ao centro e para os “exentos” e os que sexan sobredotados, forneceranse actividades e lecturas deseñadas en colaboración co Departamento de Orientación. Así, os que precisen algún reforzo concreto terán un apoio de **actividades de dificultade menor** ca as vistas na aula, co fin de que poidan **aprender facendo**, en concreto daqueles aspectos que lles resulten dificultosos e que o profesor irá corrixindo a medida que as entreguen. O seguimento destas actividades permitirá coñecer a evolución deste alumnado. Para o **alumnado exento** deseñarase un **caderniño e material** propio, que toquen aqueles aspectos básicos de ortografía, morfoloxía e léxico da lingua galega, a non ser que a exención se produza nos dous primeiros niveis da ESO. Neste último caso, a profesora propón a mesma lectura na aula e a realización das mesmas actividades có resto do grupo, facendo un seguimento específico do alumno ou alumna en cuestión e fornecéndoo de recursos e materiais, mesmo reforzo fóra da aula, que acompañe a aprendizaxe da lingua galega. Por outra banda, outro alumnado con necesidades especiais, os **sobredotados**, terán á súa disposición **ampliación de contidos e actividades de dificultade maior**, con recurso maior nas TIC -de fomento para todo o alumnado-, que lles permitan desenvolver a súa creatividade e intereses propios. Tamén se fará fincapé na colaboración constante co Departamento de Orientación, tanto para tratar aqueles casos onde haxa algunha discapacidade e se precise a intervención de PT, coma no deseño das Adaptacións Curriculares que se determinen. **No ensino non presencial** manterase contacto con eles a través de correo electrónico e aula virtual. Isto serve tamén para atender os repetidores e pendentes, traballando o material que xa se lles entregou. De ser preciso, crearanse cursos especiais na aula virtual para as ACIS e apoios.

**RECUPERACIÓNS:** Non haberá exames de recuperación de avaliación como tales, por ser a nosa unha materia de contido progresivo e, por tanto, de avaliación continua dos coñecementos e capacidades adquiridas. As condicións de superación da materia de LGeL atópanse explicadas no apartado de Avaliación desta programación; non entanto, e para beneficio do alumno ou alumna, se a actitude e esforzo o favorecen, poderán adoptarse por parte da docente medidas extraordinarias de compensación dos apartados programáticos suspensos, por exemplo a través da elaboración de traballos.

**PENDENTES:** Aqueles alumnos que teñan a materia pendente serán obxecto de especial atención xa dende o inicio do curso. Antes da concorrencia a exame de pendentes, o alumnado nesta situación poderá recuperar das seguintes formas:

-En 2º ESO, aprobará a materia pendente do ano anterior quen vaia aprobando as avaliacións do curso actual, de tal forma que en xuño se produza a simultánea superación/suspenso de ambas as materias.

-En 3º e 4º ESO poderán realizar traballos. Neste caso, a profesora entregara dous **cadernos con material para traballar os mínimos do curso pendente**, que deberán entregar nunha data fixada na primeira e segunda avaliación. A docente fará un seguimento dese traballo e solucionará as dúbidas que puideren xurdir. A entrega satisfactoria dos devanditos cadernos trimestrais suporá a superación da materia; de non producirse así, o alumno ou alumna deberá concorrer á proba de pendentes. **No ensino non presencial** farase o mesmo a través da aula virtual do centro.

Os criterios de avaliación e cualificación que se aplicarán serán os que aparecen na programación.

## **REPETIDORES/AS**

O Plan de Reforzo (á parte da optatividade, exención da 2ª lingua estranxeira, apoios, intento de motivación...) consistirá, na materia de Lingua Galega e Literatura, e se o Departamento o considera oportuno, logo da Avaliación Diagnóstica, nun material que a profesora lle facilitará a todo o alumnado repetidor. Este material estará adaptado ao nivel correspondente, para que o alumnado profunde naqueles aspectos básicos relacionados coa morfoloxía, léxico e de funcionamento da lingua e dos que se fará seguimento ao longo do curso.

## **8 .INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

Ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan á docente avaliar o programado na aula e establecer estratexias de mellora.

INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		

#### **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. Realizaremos unha proba escrita, nos primeiros días de clase, que se corrixirá posteriormente na clase nunha posta en común. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas

capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 11 . MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para os alumnos que teñan dificultades xa detectadas dende a avaliación inicial ou despois, para os que repitan, para os que se incorporen tarde ao centro e para os “exentos” e os que sexan sobredotados haberá actividades deseñadas en colaboración co Departamento de Orientación para atendelos. Así os que precisen algún reforzo concreto terán un apoio de **actividades de dificultade menor** cás vistas na aula para que poidan **facer práctica**, en concreto daqueles aspectos que lles resulten dificultosos e que o profesor irá corrixindo á medida que as entreguen. Este será un xeito moi bo de saber se van evolucionando ao igual que aos repetidores que por exemplo a nivel de **libros de lectura obrigatoria** permitiráselles a **lectura doutros diferentes** consensuados co profesor. Este cambio de libros tamén se lle permitirá aos repetidores para que non releen. Para os “**exentos**” facilitaráselles segundo o precisen **caderniños e material** propio, que toquen aqueles aspectos básicos de ortografía, morfoloxía e léxico da lingua galega. No lado contrario temos aos **sobredotados** para os que se disporá de **actividades de dificultade maior e traballos que van realizar en diferentes soportes**, sobretudo coas TIC, algúns que lles permitan desenvolver a súa creatividade e intereses propios. Tamén se fará fincapé na colaboración constante co Departamento de Orientación para tratar aqueles casos onde haxa algunha discapacidade e se precise axuda dun PT ou faranse as Adaptacións Curriculares que se determinen.

Partindo do proxecto curricular, a profesora realizará as adaptacións necesarias, tendo en conta os seguintes puntos:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexíbeis.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Modificar a temporalización ou a orde dos contidos indicados nos apartados anteriores.



- Lecturas significativas de fragmentos da obra de autores clásicos e actuais da nosa literatura e en especial de obras de literatura xuvenil. A mellora na eficacia lectora será o o eixo fundamental destas actividades.
- Elaboración de textos propios para exercitar o traballo de redacción e posterior corrección de posibles erros.
- Exercicios complementarios de gramática. Son exercicios, na súa maioría relacionados coa morfoloxía, que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado nesta etapa educativa e axudan a reforzar os coñecementos xa adquiridos en cursos anteriores.
- Exercicios de acentuación, léxico e semántica. Incidindo na análise de elementos lingüísticos tales como lexemas, prefixos, sufixos, etc. Busca de palabras no dicionario.

## **12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.**

O artigo 4 do Decreto 86/2015, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade, subliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. No currículo de Lingua e Literatura Galega, por tanto, inclúese tamén unha serie de contidos que son transversais nas distintas materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas delas: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita (características da área de Lingua), a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento, e la educación cívica e constitucional.

Ademais, desde o tratamento dos contidos, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa, débense fomentar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a no discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.

Respecto a isto, hai que subliñar que o Decreto 86/2015, *destaca de* forma significativa a prevención da violencia de xénero, da violencia contra las persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos e los contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo la visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Igualmente, han de evitarse comportamentos e contidos sexistas, e estereotipos que supoñan discriminación.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados coa educación e seguridade vial, co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente, cos riscos de explotación e abuso sexual, e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

A comprensión lectora e a expresión oral e escrita son parte nuclear do currículo de Lingua na ESO, polo que está presente en todas as actividades realizadas.

A comunicación audiovisual é tamén parte integrante do currículo de Lingua e Literatura, especialmente no tratamento dos novos xéneros discursivos que combinan a linguaxe verbal con outras formas de comunicación.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación enténdese non só como un soporte para determinadas compoñentes e ferramentas de aplicación na clase, senón pola súa función básica para a personalización da aprendizaxe, polas súas posibilidades didácticas e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de alumnos.

Moitos dos textos empregados na clase, así como as lecturas tanto obrigatorias como voluntarias, teñen como fío condutor o desenvolvemento emocional dos adolescentes, o emprendemento e a educación cívica e en valores (respecto, tolerancia, cooperación, solidariedade, igualdade entre homes e mulleres, igualdade social, rexeitamento de calquera tipo de discriminación, análise crítica de hábitos de consumo, defensa do medio ambiente).

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

De permitilo a actual situación de pandemia pola COVID, farase cando menos unha saída fóra das instalacións do centro. Este tipo de actividades están destinadas a contribuír á formación integral do alumnado e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. A complementarias son as que se realizan en horario lectivo e

forman parte da programación; as extraescolares realízanse fóra de horario lectivo, son de participación voluntaria e deben figurar na programación anual aprobada polo Consello Escolar.

Todas as actividades que aquí figuran forman parte dun plan previo que está suxeito a modificacións circunstanciais ou necesidades do centro, que nalgúns casos é posible que, ou ben non permitan a súa realización tal e como estaba prevista, ou determinen o seu cambio por unha nova actividade que xurda no proceso do curso.

Entre as actividades extraescolares imos salientar que neste curso 2021/22 queremos seguir mantendo relación cando menos escrita cos alumnos portugueses, de OVAR, onde se realizou unha visita o curso 2019/20.

Ademais disto, tentaremos que se leven a termo actividades como:

- Charlas/coloquios con autores/as de libros lidos polo alumnado (poderase, por exemplo, solicitar actos ao Ministerio de Educación a través da iniciativa *Ler dá máis vidas*)
  
- Charlas/coloquios sobre temas de sociolingüística.
  
- Rotas literarias que sexan ofertados por editoriais, concellos ou outras institucións. Neste apartado intentaremos pedirlle á Fundación Otero Pedrayo, ou á Fundación Curros Enríquez de Celanova, poder participar na rota que eles organizan e que á parte da vertente literaria implica ao Departamento de Xeografía e historia pois vemos, por exemplo, o castro de Castromao, a capela mozárabe de San Miguel, o mosteiro de san Rosendo e incluso implica ao Departamento de Música xa que os rapaces poden traballar na aula unha peza musical que despois interpretan alí con Marisol Mendive ao órgano. Esta colaboración entre os departamentos considero que é esencial nun centro pequeno e motivadora para os rapaces.
  
- Participación nas actividades programadas polo EDLG (Samaín, días conmemorativos, Nadal...)
  
- Participaremos nalgúns concursos para fomentar a creatividade e promocionar a lingua.
  
- Colaboraremos cos obradoiros de teatro.
  
- Fomentarase o uso da biblioteca como lugar de goce estético coa lectura.
  
- Participaremos na escolla de libros de lectura para a "Hora de ler".
  
- Solicitamos participar no proxecto de "Club de Letras" coa temática da IGUALDADE, este ano coa posibilidade de centrarnos sobre a homenaxeada figura de Emilio Pardo Bazán, nos cen anos do seu pasamento.
  
- Conferencias que se nos ofrezan desde diferentes organismos e sexan de interese para o alumnado.

#### **14 .MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

<b>Aspectos avaliar</b>	<b>A destacar</b>	<b>A mellorar</b>	<b>Propostas de mellora persoal</b>
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

Padrenda-Crespos, 27 de setembro de 2021

Asdo.: Raquel González Caamaño

(Xefa de Departamento)